

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de setembro de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia e se convocan as axudas para o ano 2005.

A Orde do 27 de marzo de 2003, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* número 67, do 4 de abril, establecía as bases reguladoras e se convocaban as axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia.

Posteriormente, pola orde desta consellería do 21 de abril de 2004, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* número 80, do 27 de abril, convocáronse para o ano 2004 as devanditas axudas.

A experiencia na xestión destas axudas e os resultados que se obtiveron en canto ao fomento do asociacionismo no medio rural para favorecer a concentración da oferta agraria e adecuar a produción ás exixencias do mercado, superando as deficiencias estruturais que existen na comercialización das producións agropecuarias, xustifican a continuidade desta liña de axudas, de acordo tamén co que se establece no Real decreto 2722/1998, do 18 de decembro, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, dá nova redacción aos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, fundamentalmente para recoller a lexislación básica establecida pola Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Como consecuencia da publicación desta lei, é necesario que as bases reguladoras que se recollen na citada Orde do 27 de marzo de 2003, se adapten á nova normativa.

Por todo o exposto, en consonancia co establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto modificar as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia, que se establecen na Orde do 27 de marzo de 2003 (DOG nº 67, do 4 de abril), da anteriormente denominada Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e convocar estas axudas para o exercicio orzamentario 2005.

Sección primeira
Modificación das bases reguladoras

Artigo 2º.-Modificación das bases reguladoras.

Modifícanse os seguintes artigos da Orde do 27 de marzo de 2003 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia:

a) Engádese unha alínea «j» ao punto 1 do artigo 7º, relativo á documentación que deben presentar as agrupacións de produtores agrarios xunto coa solicitude das axudas, que ten a seguinte redacción:

«Artigo 7º.1.j) Acreditación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Administración pública desta comunidade autónoma.

As certificacións de estar ao día coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Axencia Tributaria poderán solicitálas as entidades interesadas, ou ben autorizar a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para que o faga, tal como se establece no anexo II da Orde do 27 de marzo de 2003».

b) O punto 1 do artigo 10º, relativo á concesión das axudas, queda redactado como segue:

«Artigo 10º.1. Unha vez examinadas as solicitudes de axudas, aquelas que cumpran os requisitos establecidos nesta orde serán valoradas pola comisión de avaliación creada para tal fin, segundo os criterios de valoración citados anteriormente.

Esta comisión de avaliación estará presidida polo subdirector xeral competente en industrias agroalimentarias, e estará composta, ademais, polo xefe de servizo competente en fomento asociativo, un xefe de área e un xefe de negociado, pertencentes á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. O xefe de negociado actuará como secretario da comisión.

Unha vez valoradas as solicitudes, a comisión de avaliación elevará o correspondente informe ante a devandita dirección xeral e elaboraranse as propostas de concesión da subvención, onde figurará o seu importe previsto, de acordo co establecido na normativa e segundo a dotación orzamentaria existente para estas liñas de axuda».

c) O punto 3 do artigo 10º, relativo á concesión das axudas, queda redactado como segue:

«Artigo 10º.3. Unha vez fiscalizadas, o conselleiro de Medio Rural resolverá as solicitudes de axuda. Se non se notificase a resolución de concesión no prazo de seis meses, contados desde a publicación da correspondente orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, poderán entenderse desestimadas as axudas solicitadas».

d) Suprímense os números 4 e 5 do artigo 14º, relativo ao seguimento e control, que se substitúen por un novo número 4, co seguinte contido:

«Artigo 14º.4. Procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida, xunto cos xuros de mora percibidos desde o momento do seu pagamento, nos casos establecidos no punto 10º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Nos supostos en que proceda o reintegro deberá respectarse, en todo caso, o principio de proporcionalidade, tendo en conta os criterios sinalados no antedito artigo 78.10º».

e) Engádense dúas disposicións adicionais, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto nos artigos 78º e 79º da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Disposición adicional segunda. Todas as referencias á consellería e conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural contidas na Orde do 27 de marzo de 2003, deben entenderse feitas á consellería e conselleiro do Medio Rural».

Sección segunda

Convocatoria das axudas para o ano 2005

Artigo 3º.-Convocatoria das axudas.

Convócanse para o ano 2005 as axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia, reguladas na orde desta consellería, do 27 de marzo de 2003 (DOG nº 67, do 4 de abril), coas modificacións que se detallan no artigo 2º desta orde.

Artigo 4º.-Condicións e finalidade.

1. Para poderse acoller ás axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia, deberánse cumprir os requisitos establecidos na antedita Orde do 27 de marzo de 2003, coas modificacións introducidas por esta orde.

2. As axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia teñen por finalidade apoiar o funcionamento administrativo das agrupacións de produtores agrarios, como unha medida encamiñada a fomentar o asociacionismo no medio rural, favorecendo a concentración da oferta agropecuaria e adecuando a produción e comercialización ás exixencias do mercado.

Artigo 5º.-Solicitudes, documentación e xestión das axudas.

1. As solicitudes de axuda presentaranse segundo o establecido no artigo 5 da Orde do 27 de marzo de 2003, xunto coa documentación que se detalla no seu artigo 7, tendo en conta as modificacións introducidas por esta orde.

2. As agrupacións de produtores agrarios beneficiarias, os conceptos subvencionables e a contía económica, os criterios de valoración, o procede-

mento de xestión das axudas e a forma de xustificación destas, axustaranse ao establecido na Orde do 27 de marzo de 2003 e nesta orde.

3. As agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia, beneficiarias de axudas, deberán presentar no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte a aquel en que reciban a resolución de concesión da subvención, a documentación que se establece no artigo 13 da orde desta consellería do 27 de marzo de 2003.

Artigo 6º.-Prazo de presentación.

1. Para o ano 2005, o prazo de presentación das solicitudes de axuda será de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes presentadas con anterioridade á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* seguirán o seu trámite, sempre que cumpran as condicións que nela se exixen, así como na normativa comunitaria ao respecto. De non ser así, solicitaráselles aos interesados que cubran debidamente o expediente de solicitude e que achen os datos ou xustificantes que puidesen faltar.

Artigo 7º.-Financiamento.

A concesión das axudas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 57.03.615-A.470.0, por un importe de 3.041.693,11 euros, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, así como con outros remanentes que puidesen existir na mesma aplicación.

En todo caso, a concesión das axudas para as agrupacións de produtores agrarios recoñecidas en Galicia estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas necesarias para a correcta aplicación, desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2005.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 3 de agosto de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de comercio retalista téxtil.

Visto o texto do convenio colectivo do sector de comercio retalista téxtil, con nº de código 3600375, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 8-7-2005, subscrito en representación da parte económica pola *Asociación Provincial de Empresarios do Comercio Retalista Téxtil de Pontevedra e Asociación de Empresarios da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra*, e, da parte social, polas centrais sindicais CC.OO. e UGT, en data 4-7-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 3 de agosto de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo de traballo
para o sector do comercio retalista
téxtil de Pontevedra

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Partes asinantes.

Son partes asinantes deste convenio as centrais sindicais Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión General de Traballadores (UGT), en representación dos traballadores, e a *Asociación Provincial de Empresarios do Comercio Retalista Téxtil de Pontevedra*, e a *Asociación da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra* (Aempe), en representación dos empresarios do sector.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regulará as relacións laborais de todas as empresas da provincia de Pontevedra que,

tanto na actualidade, como no futuro, se dediquen á venda retalista de tecidos en xeral, roupas confeccionadas, alfombras e tapices, paquetería, mercería, quincalla, etc.

Artigo 3º.-Duración e vixencia.

Este convenio entrará en vigor aos quince días do seu asinamento, sen prexuízo da súa publicación no BOP, se ben os seus efectos económicos do primeiro ano de vixencia do convenio se retrotraerán ao 1 de xaneiro de 2004.

Terá unha duración de 2 anos e rematarán os seus efectos o día 31 de decembro de 2005.

Entenderase prorrogado tacitamente por anualidades, se non media denuncia das partes con tres meses, polo menos, ao remate da súa vixencia. A dita denuncia deberá facerse por escrito dirixido á outra parte afectada polo convenio.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

O persoal que con anterioridade ao convenio, tivese unhas condicións económicas ou laborais máis beneficiosas que as aquí pactadas, deberá conservarlas, facéndose o cálculo polo conxunto anual de todas as percepcións.

Artigo 5º.-Compensación de melloras.

As melloras económicas que se implantan en virtude deste convenio, así como as voluntarias que no futuro se establezan, poderán ser compensadas e absorbidas, ata onde alcancen, cos aumentos ou melloras que actualmente teñan establecidas as empresas ou que no futuro se establezan con carácter xeral, mediante disposición legal.

Capítulo II Retribucións

Artigo 6º.-Salarios.

Os soldos e salarios correspondentes ao primeiro ano de vixencia do convenio (1-1-2004 a 31-12-2004), son os que figuran na primeira columna da táboa salarial anexa, e supoñen un incremento respecto ás vixentes o 31-12-2003, do 3,2%.

Para o segundo ano de vixencia do convenio (1-1-2005 ao 31-12-2005), rexerán os soldos e salarios que figuran na segunda columna da táboa salarial anexa, e supoñen un incremento sobre os vixentes ao 31-12-2004, do 3%.

Artigo 7º.-Revisión salarial.

No caso de o índice de prezos ao consumo (IPC) rexistrar o 31 de decembro de 2005 un incremento respecto do 31 de decembro de 2004, superior ao 3%, ese exceso servirá de base para a negociación do ano 2006.

No momento de se coñecer o IPC citado anteriormente, procederá a cuantificar o exceso, calculado sobre os salarios utilizados para realizar os aumentos pactados para o ano 2005, adicionándoo aos salarios vixentes o 31 de decembro de 2005, e sobre a cantidade resultante calcularanse os incrementos salariais que rexerán a partir do 1 de xaneiro de 2006.